Concello de AMES

CONTRATO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS MODIFICADO REPARACIÓN CAMIÑO AGRO DO MUÍÑO (ORTOÑO) E OUTROS. DTC 93 Adicional 1/2014

Na Casa do Concello de Ames a 10 de marzo de 2017

R E Ú N E N S E:

Dunha parte, D. José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido da secretaría do Concello, Dª Rosa Ana Prada Queipo, en execución dun acordo relativo a unha adxudicación de obra, que foi adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 23 de febreiro de 2017.

Doutra parte, don Luís Antonio García Gutiérrez, con NIF 35 443 576-R, en representación e na súa calidade de conselleiro delegado da empresa "Obras y Viales de Galicia SL" con CIF B-15608193 e domicilio en parque empresarial de Sigueiro, parcela 56-A, Sigueiro-Oroso (A Coruña).

É o obxecto da presente reunión formalizar e asinar o contrato administrativo de execución da obra **"modificado reparación camiño Agro do Muíño (Ortoño) e outros"**, e ó obxecto establecen as seguintes

C L A Ú S U L A S:

1ª.- O Concello de Ames adxudica a Obras y Viales de Galicia SL a realización das obras comprendidas no proxecto de **"modificado reparación camiño Agro do Muíño (Ortoño) e outros"** no prezo de vinte e catro mil seiscentos corenta e catro euros e sesenta e tres céntimos **(24.644,63.- Euros)** máis o IVE repercutible ao tipo do 21% que ascende a contía de cinco mil cento setenta e cinco euros euros e trinta e sete céntimos **(5.175,37.- €).** de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **1.232,23.- €**, mediante aval de Banco Popular Español SA inscrito no rexistro especial de avais co nº 8916-1261**,** correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

6ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

O ALCALDE,-

A SECRETARIA,-

O CONTRATISTA,-

Concello de AMES SECRETARIA XERAL

OVIGA OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L. C.I.F.: B-15.608.193

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925